

Tempos Novos

Xestionado por [Tempos Novos](#)

A ÚLTIMA NOVELA DE RAMÓN LOUREIRO

Crónica da terceira Bretaña

Ramón Loureiro, ferrolterrán de nación, fillo ártabro dos altos de Marraxón en caída libre cara a Fene tirou do prelo a súa terceira novela; a saber: *As galeras de Normandía*. Un artigo de **Armando Requeixo**.

- 18:19 11/08/2005

Non é o seu un simple libro, é un home de palabras, verba da que o seu autor está feito. Quen se achegue ás súas páxinas baterá cunha historia de selo indubidablemente persoal na que figuran todos os fantasmas, espectros, mortos pervagantes e voces que arrodean ao escritor. Seres que choutan dunha a outra das súas creacións e que son múltiples e asemade un só, pois que como unha literaria sagrada trindade todas as cabaleirescas criaturas que deambulan por entre as liñas dos seus anteriores *Morgado* e mais *O corazón portugués* e, tamén si, deste novo libro son sempre todas elas unha única: as irisacións ecoicas do calidoscopio Ramón Loureiro.

O Bacharel Gandaísco ♦ Avisador do Príncipe ♦, O Gardián dos Anacos de Vidro, Miguel o Morgado ♦ Cabaleiro de Aire ♦, O Corredor Nocturno, Un, Aras o Vello, todos, sen excepción, son o propio Loureiro e nel nacen, pero non se esgotan, pois que teñen vida propia, tanta e tan intensa que nin o seu propio creador sabe por cal das súas voces cobra vida en cada parágrafo. E aínda alén: Loureiro goza pirandellianamente, unamunianamente sabendo que os seus fillos de papel encarnan e se manifestan autonomamente.

Mais *As galeras de Normandía* é tamén o soño imposible dun encontro, o anhelos dunha alianza que non puido ser porque nada nesta Fisterra de noso é doado, pobo que vive na espera, na agarda paciente e secular, sebastiánica, artúrica, utópica en fin. A historia dun posible pacto entre os normandos e as tropas do vello Reino de Galicia en pleno medievo. Un pacto fanado, pois as naves normandas, as galeras de Normandía, nunca aportaron nas nosas rías.

Por iso esta novela é o relato dunha ilusión que murchou, a dese encontro que finalmente non tería lugar, pero para o que se prepararon os ficcionais personaxes que transitan estas páxinas: O Príncipe Henrique de Dúas Cabezas, bicéfalo señor de Caldaloba, que goberna a chaira galaica e as terras todas da Terceira Bretaña dende as súas cabezas Destra e Sinistra. E tamén Merlín o Mago, corporeizado na figura de Manolo o Nigromante, o mindoniense sabedor de todos os camiños, os dos vivos e os dos mortos, os do pasado e o futuro. E con eles, ou por entre eles, todos os que participan do soño dese encontro, como Home Irazu e Blioveris de Gaunas, Home Araguas e Brancochao, mesmo Nicolás de Ramón Moutinho e Luís dos Peares Silva, mais tamén Sétimo, Descalzán e Aquinho, demos menores, e Leite Negro, demo poderoso e leante que

todo o complica.

É a viaxe dos vivos que van ao encontro das naves normandas coma os mortos ectoplasmáticos desta novela van e veñen a Santo Hadrián do Lonxe. E por entre medias de vivos e mortos xorden as historias marxinais de crimes indicibles, con políticos abxectos e afectos aos vicios da carne. E tamén os recordos da Pequena Caribe, Corcafé, e aínda do irrisorio Churruca e moitas outras liñas argumentais paralelas que fan deste texto un cosmos entrópico de imposible comprensión lineal.

Moito e moi logrado humor zumegan as planas desta obra, aceda revisión desa Galicia tópica na que tantas veces nos compracemos en nos enzoufar. Gargalladas que ocultan melancolías fondas, risos para espaventar a morte que nos arrasa, que nos circunda, que esmaga as esperanzas. E tamén carradas de compaixón trememente hai aquí, omniconversión das debilidades humanas desta tribo de noso decote desnortada, perdida no escuro dos séculos, desexosa dun Río Branco do Firmamento que nos oriente, dun Mahilloc espiritual que nos retorne esa Terceira Bretaña que non queremos totalmente perdida, que non podemos permitir completamente ida.

Velaquí se ofrece unha novela que desafia tanto a capacidade lectora coma os coñecementos sobre a psique colectiva das nosas xentes. Unha obra toda corazón, crisol de dous mundos ◆o do Alén e o do Aquén◆ e de dous tempos ◆o do Medieval épico e o presente trágico◆, unha poderosa narración de múltiples realidades: a dos seres da ficción pura máis verosímil, os trasuntos con correspondencias reais e os seres transreais e míticos. Toda unha festa para os sentidos e a mente, un obús narrativo que non debería deixarse sen ler.